

ORDENANZA MUNICIPAL DE SUPRESIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS

ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

TÍTULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Disposicións xerais

TÍTULO SEGUNDO: CRITERIOS BÁSICOS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE e REHABILITACIÓN NO MEDIO URBANO

◆ *CAPÍTULO PRIMEIRO: PARA A ORGANIZACIÓN e DESEÑO DO ESPACIO URBANO*

SECCIÓN PRIMEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN e OUTROS CONCEPTOS.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

SECCIÓN SEGUNDA.- ELEMENTOS COMÚNS DE URBANIZACIÓN

Artigo 3.- Deseño e trazado da vía.

Artigo 4.- Pavimentos.

Artigo 5.- Pasos peonís.

Artigo 6.- Pasaxes de vehículos.

Artigo 7.- Escaleiras.

Artigo 8.- Xardíns, prazas e espacios públicos.

Artigo 9.- Aparcadoiros.

Artigo 10.- Facilitade de estacionamento.

Artigo 11.- Bolardos.

Artigo 12.- Alcorques.

Artigo 13.- Semáforos.

SECCIÓN TERCEIRA.- ELEMENTOS E INSTALACIÓNS DO MOBILIARIO URBANO

Artigo 14.- Catálogo de mobiliario urbano.

Artigo 15.- Localización do mobiliario.

Artigo 16.- Normas xerais.

Artigo 17.- Avisadores sonoros.

Artigo 18.- Elementos salientes.

Artigo 19.- Contedores de residuos.

Artigo 20.- Obras en vía pública.

◆ *CAPÍTULO SEGUNDO.- PARA A EDIFICACIÓN*

SECCIÓN PRIMEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 21.- Ámbito xeral de aplicación.

SECCIÓN SEGUNDA.- GRAO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA A CADA TIPO DE OBRA

Artigo 22.- Grao de aplicación individual.

SECCIÓN TERCEIRA.- CRITERIOS CONSTRUCTIVOS E REQUISITOS DIMENSIONAIS

Artigo 23.- Áreas de estacionamento.

Artigo 24.- Accesos.

Artigo 25.- Accesos á edificación.

Artigo 26.- Vestíbulos e elementos de comunicación horizontal.

Artigo 27.- Elementos de comunicación vertical.

Artigo 28.- Aseos adaptados.

Artigo 29.- Disposicións en espacios interiores das vivendas.

Artigo 30.- Disposicións específicas para centros públicos e edificios de concorrencia pública.

SECCIÓN CUARTA.- CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS CON PROTECCIÓN e DE EDIFICIOS EN XERAL

Artigo 31.- Edificios de especial protección.

Artigo 32.- Rehabilitación de edificios non protexidos.

TÍTULO TERCEIRO: RESPONSABILIDADES, CONTROL e SEGUIMIENTO

SECCIÓN PRIMEIRA: RESPONSABILIDADES das ADMINISTRACIÓN

Artigo 33.- Obrigacións das administracións.

SECCIÓN SEGUNDA.- CONTROL e SEGUIMIENTO

Artigo 34.- Gabinete de Accesibilidade Municipal.

*TÍTULO CUARTO: INFRACCIÓN*s e RÉXIME SANCIONADOR

*CAPÍTULO ÚNICO.- INFRACCIÓN*s e RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 35.- Faltas administrativas e sancións.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

TÍTULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Disposicións xerais

1.- O cumprimento desta ordenanza será esixible para a aprobación de proxectos de urbanización e para a concesión de licencias de obra nova. Igualmente será esixible nas obras de reforma, rehabilitación ou gran reparación que modifiquen substancialmente a estrutura do edificio.

2.- Os proxectos e os informes técnicos municipais nos expedientes de aprobación ou concesión deberán facer mención expresa ó cumprimento desta ordenanza.

Poderanse admitir solucións diferentes ós criterios básicos desta ordenanza cando o "**Gabinete de Accesibilidade Municipal**" ante propostas alternativas, xustificadas tecnicamente, así o dictamine.

3.- O símbolo internacional de accesibilidade, indicador da inexistencia de barreiras arquitectónicas, colocarse nas entradas dos edificios ou locais en que aquelas non existan.

TÍTULO SEGUNDO: CRITERIOS BÁSICOS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E REHABILITACIÓN NO MEDIO URBANO

CAPÍTULO PRIMEIRO: Para a organización e deseño do espazo urbano.

SECCIÓN PRIMEIRA. - Ámbito de aplicación e outros conceptos.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

1.- Constitúen o ámbito de aplicación desta normativa os proxectos de urbanización ou obras ordinarias que afecten ás vías ou espazos públicos e ós elementos e instalacións do seu mobiliario, tanto para as novas urbanizacións como para as zonas xa construídas da cidade, que se axustarán progresivamente a esta ordenanza.

2.- **Esta ordenanza será de aplicación ás vías públicas, parques e demais espazos de uso público e**, en particular, ós usos e actividades seguintes:

Do sistema ferroviario e do transporte por autobús:

- as estacións de FF.CC.
- as estacións de autobuses urbanos e interurbanos

Dos sistemas de equipamentos e docentes:

- as residencias colexiais
- os servizos sociais
- os sanitarios e asistenciais, garderías, dispensarios, ambulatorios, clínicas e hospitais
- os docentes, en tódolos niveis
- todo tipo de instalacións deportivas
- os socioculturais
- bibliotecas, centros sociais e culturais, museos, auditorios, teatros, cinematógrafos, discotecas e salas de baile
- os relixiosos
- os público-administrativos
- os cemiterios, tanatorios ou crematorios
- os mercados de abastos

Así mesmo, será de aplicación nos citados espazos de edificacións destinadas a:

- hoteis e moteis
- comercios (de superficie maior de 500 m² construídos no mesmo establecemento)
- servizos bancarios
- campamentos de turismo e balnearios
- aparcadoiros públicos
- calquera outro que cumpra estes fins e non estean citados anteriormente

3.- Esta ordenanza asegurará o acceso ós espazos públicos que se mencionaron anteriormente, de forma que se garanta o uso dos servizos citados.

4.- Tódolos proxectos de edificación, tanto públicos como privados, que alberguen algún dos usos definidos anteriormente, xa sexa de nova planta, de reforma, rehabilitación ou gran reparación que modifiquen substancialmente a estrutura do edificio, deberán xustificalo seu cumprimento na memoria. Cando o cumprimento das condicións orixine solucións incorrectas ou á súa execución se teñan que aplicar medios económicos desproporcionados, proxectaranse outras solucións alternativas, que se xustificarán, sempre e cando se consiga o fin sinalado nos obxectivos e se indiquen na memoria do proxecto os incumprimentos e as solucións adoptadas.

5.- O contido desta normativa aplicarase ós elementos comúns da urbanización e ós elementos e instalacións do mobiliario urbano e medios de transporte público en grao que asegure o seu uso.

6.- Considéranse elementos comúns de urbanización os compoñentes das vías e de espacios públicos referentes a obras de pavimentación, saneamento, distribución de servicios e xardinerías - bordos, pasaxes, alcorques, rígoas, embornais, tapas de rexistro, iluminación -, e todos aqueles elementos que, en xeral, materialicen as indicacións do planeamento urbanístico.

7.- Enténdese por mobiliario urbano o conxunto de elementos para colocar nas vías e espacios libres públicos, superpostos ou unidos ós elementos de urbanización ou edificación, de maneira que a súa modificación ou traslado non xere alteracións substanciais daqueles - semáforos, carteis de sinalización, cabinas telefónicas, fontes, papeleiras, marquesiñas, quioscos e outros de natureza análoga -.

SECCIÓN SEGUNDA.- Elementos comúns de urbanización

Artigo 3º.- Deseño e trazado das vías

1.- Enténdese por vía as rúas coas súas beirarrúas, os itinerarios peonís e calquera outro tipo de superficie de dominio público destinada ó tráfico de peóns ou ó tráfico mixto de vehículos e peóns, así como os espacios libres de edificación habilitados como acceso ós edificios ou instalacións que alberguen algún dos usos do ámbito de aplicación desta ordenanza.

2.- **O deseño e trazado das vías non superará o 12% de pendente lonxitudinal**, e recomendarase, sempre que fose posible, non supera-lo 6% en itinerarios para cadeiras de rodas.

Só se poderán utilizar itinerarios con pendente superior á anteriormente citada, no caso de que se possibiliten ós peóns e ós minusválidos que deban trasladarse en cadeira de rodas accesos alternativos nos que non se supere o 9% de pendente lonxitudinal.

3.- **Banda libre peonil. Enténdese por banda libre peonil aquela parte da beirarrúa liberada do mobiliario e doutros obstáculos ou salientes, nunha sección definida pola seguinte anchura e altura:**

O ancho mínimo de banda queda fixado en 1,50 m en áreas desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral. Nos casos en que existan elementos de sinalización e de urbanización puntuais (semáforos, caixas de correos, sinais, etc.), o ancho mínimo de paso nesa zona, libre de obstáculos, será de 1,20 m. En áreas non desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral, o ancho mínimo de paso, libre de obstáculos, será de 0,90 m. Así mesmo, nos casos en que existan elementos de sinalización e de urbanización puntuais (semáforos, caixas de correos, sinais, etc.), o ancho mínimo de paso nesa zona, libre de obstáculos, será de 0,90 m.

A altura libre inferior de calquera elemento será de 2,10 m.

A súa pendente transversal non superará o 2%.

Artigo 4. - Pavimentos

1.- Os pavimentos en beirarrúas ou itinerarios peonís serán, en xeral, duros, antiesvaradíos en seco e en mollado.

2.- Naqueles espacios nos que se recorra á utilización de pavimentos brandos, estes estarán suficientemente compactados para evitar esvarar.

3.- Na colocación das reixas, que se instalen nas superficies destinadas á circulación de peóns e á circulación mixta de vehículos e peóns, evitarase a colocación de barras paralelas, substituíndoas por reixas de trama cuadrículada, que evite o encaixe nas rañuras das rodas das cadeiras. Estas terán un cadro con luz libre máxima de 2 cm (non é de aplicación a reixas en calzadas de tránsito rodado).

Artigo 5.- Pasos peonís

Os pasos de peóns realizaranse nas zonas establecidas mediante pasaxes peonís, que salvarán o desnivel existente entre a banda de circulación peonil e a calzada, e que evitarán tamén o das medianas.

Con carácter xeral, a configuración dun paso de peóns, tanto na beirarrúa como nas medianas, será a do gráfico adxunto. As cotas expresadas serán as mínimas admisibles para unha altura de bordo de 15,00 cm. Extremarase o control da altura do bordo enterrado que, cando o permita a escorrentía de pluviais, se porá a nivel. Será da cor e textura das ramplas e do descanso que obrigatoriamente serán distintas á do resto da beirarrúa.

Artigo 6.- Pasaxes de vehículos.

A entrada e saída de vehículos a través da beirarrúa realizarase de modo que non altere o nivel da banda de circulación peonil, procurando resolve-lo paso do bordo segundo se establece a continuación:

Rampla: a lonxitude e a pendente da rampla serán variables en función da altura do bordo, pero nunca serán superiores a 60 cm de lonxitude.

Cabezais: elementos de configuracións distintas que fan o traslado entre a rampla e o plano da beirarrúa, recomendándose o tipo ‘concello’, recomendándose a súa sinalización de forma adecuada, con elementos ornamentais voluminosos (“bolardos”, esferas, etc.).

Resaltes: entre a calzada e o bordo enterrado que dá comenzo á rampla non se autorizará ningún resalte.

Aquelas ramplas que conecten directamente con zonas de circulación de vehículos dispoñerán no seu extremo dunha banda de cor amarela de modo que se imposibilite o aparcamento.

Artigo 7º.- Escaleiras

1.- As escaleiras realizaranse de forma que teñan unha comfortable dimensión de mesa e tabica, para facilita-lo seu uso por persoas con mobilidade reducida. O seu ancho libre mínimo será de 1,20 metros e o número máximo de pasos sen descanso intermedio non será superior a doce, debendo preverse descansos intermedios, cunha lonxitude non inferior a 1,50 metros e cunha pendente non superior ó 1 %.

As dimensións axustaranse ó cumprimento da regra ergonómica de:

$$2 \text{ pasos} + 1 \text{ mesa} = 62 - 64 \text{ cm.}$$

2.- Dotaranse ambos lados de dobre pasamáns, con alturas de 70 e 95 cm. Serán dun material con superficie antiesvaradía, que non se deteriore ó aire libre.

Aclaracións ós artigos desta sección:

Aclaración 1ª.

A “mesa” construírse en material antiesvaradío sen resaltes sobre a tabica. O bordo dispoñerá dunha tira lonxitudinal de cores e materiais claramente diferenciados.

Aclaración 2ª.

Quedan prohibidos, dentro os itinerarios peonís, os desniveis que constitúan único paso, que se substituirán por unha rampla.

Ramplas:

As ramplas como elementos de itinerario peonil permiten salvar desniveis bruscos, ou pendentes superiores ás do propio itinerario, axustándose ós criterios que a continuación se especifican:

As ramplas que teñan unha proxección horizontal superior a 3 metros terán unha pendente máxima do 8%, admitíndose para os desenvolvementos inferiores ou iguais a 3 metros de lonxitude en planta unha pendente non superior ó 10%. Os desenvolvementos de máis de 10 metros de lonxitude en planta terán unha pendente máxima do 6%.

Cada 25 m, como máximo, do seu desenvolvemento lonxitudinal deberá preverse un descanso non inferior a 1,20 m de lonxitude.

3.- O seu ancho libre permitirá o paso simultáneo de dúas persoas, unha delas en cadeira de rodas, excepto no caso de que exista percorrido alternativo, podéndose entón reduci-lo ancho ó paso dunha cadeira de rodas. Cando sexan dunha única dirección deberán ter unha anchura libre, entre calquera

obstáculo da súa sección transversal, non inferior a 0,95 metros e a 1,80 metros se son de dobre sentido, debendo en ambos casos ser sensiblemente horizontal a súa sección transversal.

Cada 10 metros, como máximo, do seu desenvolvemento lonxitudinal, deberá preverse un descanso non inferior a 1,50 x 1,50 metros, procurando no seu deseño que os descansos se coloquen cando as ramplas cambien de sentido, para evitar confusión ós invidentes.

Tanto na cabeceira como no pé das ramplas se preverá unha área de embarque e desembarque horizontal cunha lonxitude non inferior a 1,50 metros. Se a rampla empeza ou termina xunto a unha esquina sen visibilidade, deixarase polo menos 1,00 metros libres desa esquina ó arranque da rampla. Calquera tramo de escaleira dentro dun itinerario peonil deberá ser completado cunha rampla. Estas construíranse sempre con materiais antiesvaradíos.

Artigo 8.- Xardíns, prazas e espazos públicos

1.- Os itinerarios peonís en parques, xardíns, prazas e espazos libres públicos en xeral axustaranse ós criterios indicados anteriormente para itinerarios peonís.

2.- Nos parques e xardíns, así como nas zonas deportivas e de expansión, disporanse camiños ou sendas de 1,50 metros de anchura mínima, pavimentada con material indeformable e antiesvaradío. No caso de ser construídos con zorra terán unha compactidade adecuada, sen posibilidade de disgregarse ó paso dunha cadeira de rodas e crearanse plataformas de material indeformable e antiesvaradío de 1,50 metros de lonxitude mínima, cunha anchura igual á do camiño ou senda, co obxecto de posibilita-las manobras dos usuarios en cadeira de rodas.

3.- Construíranse as canalizacións necesarias para que non se formen arrosios neses camiños.

4.- As plantacións de árbores e a colocación de elementos verticais efectuaranse de forma que nin estes nin as ramas ou troncos inclinados invadan os camiños ou sendas a alturas inferiores a 2,40 metros.

5.- Tódolos desniveis salvaranse mediante ramplas, independentemente da existencia de escaleiras ou bancadas, cunha pendente máxima recomendable do 6%. Só en casos moi xustificados poderá superarse esa pendente.

Artigo 9. - Aparcadoiros

1.- Nas zonas destinadas a estacionamento de vehículos en vías ou espazos libres públicos, reservaranse con carácter permanente, e tan próximas ós itinerarios como sexa posible, prazas de vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida.

2.- **As prazas reservadas terán de longo 4,50 metros e un ancho mínimo de 3,50 metros, podendo ser de 2,50 metros cando polo lado do conductor exista un espazo mínimo de 1,00 metros de anchura. As prazas reservadas deberán estar sinalizadas co símbolo internacional de accesibilidade e a inscrición “Reservado para persoas con mobilidade reducida”. A pintura utilizada ha de contrastar co resto da usada nas restantes prazas.**

3.- Nos circuitos urbanos de tránsito mixto peonil e de vehículos, prohibese o estacionamento de vehículos nas esquinas dos cruzamentos das rúas, polo menos, nunha anchura que permita o paso dunha persoa en cadeira de rodas.

4.- Os aparcadoiros ó aire libre dispoñeranse segundo as condicións dimensións e proporción de prazas reservadas permanentemente.

5.- Nas grandes superficies comerciais reservaranse prazas de aparcadoiro cubertas, cerca dos accesos.

Artigo 10.- Facilitade de estacionamento

1º.- Nos estacionamentos permitiranse as seguintes situacións:

- Permitirlles ás persoas con dificultades de mobilidade aparca-los seus vehículos máis tempo do autorizado nos lugares de tempo limitado.

- Permitirlles ós vehículos ocupados por persoas minusválidas estacionar en calquera lugar da vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación de vehículos ou peóns.

- Facilitarlles ás persoas que poidan beneficiarse das facilidades expostas nas alíneas anteriores unha tarxeta que conteña, cando menos, o símbolo de accesibilidade e o nome do titular.

2.- Calquera persoa con discapacidade que non pertenza a este concello e dunha maneira circunstancial estea nel terá os mesmos dereitos para solicita-la dita tarxeta.

Artigo 11.- Bolardos

1.- Os bolardos que se coloquen na vía pública para o paso de vehículos a parques, xardíns, prazas ou zonas peonís terán unha luz libre mínima de 0,95 metros para permiti-lo paso dunha cadeira de rodas. Cando estes elementos se dispoñan en sentido transversal terán unhas dimensións mínimas o suficientemente amplas para ser facilmente detectables polos invidentes. Ademais, sempre que así sexa posible, deberán ter un deseño que permita a súa utilización como asentos ou apoios isquiáticos para descanso dos viandantes.

2. As rúas peonís terán acceso ós vehículos que transporten persoas con discapacidade.

Artigo 12. - Alcorques

Os alcorques das árbores, salvo que estean situados fóra da liña da beirarrúa, terán un bordo de formigón ou doutro material que os enmarque, avise ós invidentes e permita o normal crecemento da árbore. Os alcorques cubriranse con reixas ou outros elementos a nivel co pavimento circundante.

Artigo 13.- Semáforos

1.- **Nos pasos de peóns con semáforos manuais, o botón para acciona-lo cambio de luz situarase a unha altura de 0,90 metros.**

2.- A duración mínima da luz dos semáforos será suficiente para poder cruzar a unha velocidade entre 0,40 e 0,70 metros/segundo, en función do tráfico, horas punta ou vías de pouca circulación.

3.- Para indicación dos invidentes, os semáforos deberán estar preparados para dar un sinal sonoro, suave, intermitente e sen estridencias, cando se lles abra o paso ós peóns.

4.- Os semáforos colocaranse a unha altura superior a 2,10 metros e en todo caso asegurarán a banda peonil libre.

SECCIÓN TERCEIRA. - Elementos e instalacións do mobiliario urbano

Artigo 14.- Catálogo de mobiliario urbano

- De circulación e iluminación (sinais de tráfico, semáforos, columnas e báculos de iluminación e caixas de conexións e/ou regulación).
- De servizos públicos (cabinas telefónicas, caixas de correo, marquesiñas de parada de transporte público, expendedores de aparcadoiros, lavabos públicos, etc.).
- De actividades comerciais (terrazas de bar, quioscos de información e publicidade (columnas anunciadoras de reloxos e, en xeral, calquera elemento de soporte publicitario).
- De protección de peóns (varandas, postes ou bolardos).
- De equipamento (bancos, xardineiras, papeleiras, fontes e contedores en xeral).
- De urbanización común (pasaxes e alcorques).

Artigo 15. Localización do mobiliario

1.- Atendendo ó ancho mínimo de circulación definido no artigo 3, respectarase sempre o seguinte criterio:

- a).- En beirarrúas de ancho de 1,40 metros non se permitirá ningún elemento.
- b).- A partir deste criterio mínimo da clasificación do mobiliario, pódense establecer os criterios para a súa instalación, tendo en conta a localización e os seus diferentes usos.
- c).- A Anchura de libre circulación, que se terá en conta entre as fachadas dos elementos aliñados cerca do bordo, será:

Para elementos de ancho igual ou menor a 0,90 metros (papeleiras, sinais de circulación e información, semáforos, columnas e báculos de iluminación, caixas de conexións eléctricas e semaforicas, caixas de correo, pasaxes peonís e pasaxes de vehículos, alcorques, cabinas telefónicas, varandas, etc.), excepto os de uso ou accesibilidade frontal, deixarán un espazo libre de 1,40 metros.

Para elementos entre 0,90 e 1,20 metros e menores de 0,90 metros de accesibilidade frontal (expendedores de aparcadoiros, locutorios de telefónica e quioscos pequenos), deixarán un espazo libre de 1,80 metros.

Para elementos de ancho superior a 2,20 metros deixarán libres 3,00 metros. A partir deste espazo, poderanse instala-los quioscos grandes.

2.- Excepcións:

- Para as marquesiñas de autobús poderanse permitir estas cun espazo libre de 1,80 metros. Tódalas marquesiñas terán un acceso de 2,00 metros.

- Para os soportes publicitarios, en cambio, amplíase o ancho libre a 2,20 metros, cando en moitas ocasións lles correspondería un ancho libre de 1,80 metros.

Artigo 16.- Normas xerai

1.- Con carácter xeral, procurarase evitar unha excesiva concentración de mobiliario urbano, impedindo que poida chegar a entorpecer ós usuarios e ós viandantes.

2.- Para tal efecto, os elementos de mobiliario urbano da mesma actividade comercial ou publicitario non se poderán instalar a unha distancia menor de 100 metros, excepto as terrazas de bar.

3.- As caixas de conexións eléctricas e semaforicas deberán prolongarse ata o solo.

4.- As terrazas de bares e similares que ocupen as beirarrúas establecerán as medidas necesarias para que os invidentes poidan detectalas con antelación. Recoméndase un peche lateral suficientemente estable e que non permita o paso de bastóns na súa parte inferior.

5.- Toda clase de elementos de mobiliario urbano, asentos, cabinas, fontes, papeleiras, etc., deseñaranse e situaranse de modo que poidan ser usados por minusválidos de tal forma que os elementos para utilizar estean a unha altura entre 0,90 e 1,20 metros e que non constitúan obstáculo para o desprazamento de invidentes.

Artigo 17.- Avisadores sonoros

Xeneralizarase o uso de avisadores sonoros nos semáforos, e as fases destes permitirán o paso folgado para persoas con mobilidade reducida.

Artigo 18.- Elementos salientes

Os elementos salientes das edificacións existentes que invadan o espazo de itinerarios, accesos ou espazos públicos peonís, como marquesiñas, toldos, escaparates, etc., disporanse de forma que non constitúan un obstáculo para invidentes e demais persoas con mobilidade reducida ou condicionada.

Artigo 19.- Contedores de residuos

As comunidades de propietarios e os establecementos empresariais ou comerciais establecerán un espazo para garda-los contedores dos seus residuos. Os contedores de uso público que deban permanecer na vía pública colocaranse na calzada.

Artigo 20.- Obras en vía pública

1.- Establecese a obrigatoriedade de sinalizar adecuadamente os valos, almacenamentos de materiais, estadas, ou calquera tipo de obstáculo.

2.- Cando se precise, pola realización de obras, a invasión da banda de circulación peonil, establecerase un paso alternativo, totalmente libre e cun pavimento adecuado para o paso de cadeiras de rodas. O ancho mínimo será de 0,80 metros, e sinalizarase coa antelación precisa para orientar ás persoas con minusvalías.

3.- As zonas de obras, peches delas, apuntalamentos, estadas, etc., estarán totalmente valadas, evitándose o uso de cordas ou cintas. As estadas terán unha protección inferior de maneira que o bastón dun invidente non poida penetrar na zona.

CAPÍTULO SEGUNDO.- PARA A EDIFICACIÓN

SECCIÓN PRIMEIRA: ámbito de aplicación

Artigo 21.- Ámbito xeral de aplicación

1.- Obra nova. Constitúe o ámbito de aplicación desta normativa a nova edificación e o seu propio contorno.

2.- Rehabilitación, reforma ou reparación de edificios. Forman parte do ámbito de aplicación desta normativa cando produzan modificacións substanciais da estrutura do edificio e dos espazos de circulación.

SECCIÓN SEGUNDA.- Grao de aplicación da ordenanza a cada tipo de obra

Artigo 22.- Grao de aplicación individual:

1.- Edificios de uso público: aplicación plena.

2.- Edificios de uso privado:

a) Usos non residenciais: aplicación parcial (só elementos comúns).

b) Usos residenciais:

-Sometidos a algún réxime de protección: aplicación parcial (elementos comúns e o interior das vivendas reservadas)

-Non sometidos a ningún réxime de protección: aplicación parcial (só elementos comúns).

Esta ordenanza será de aplicación ós espazos de libre acceso ó público, e en xeral, ós usos e actividades seguintes:

Do sistema ferroviario e do transporte por autobús:

-as estacións de ferrocarril

-as estacións de autobuses urbanos e interurbanos.

Dos sistemas de equipamentos e docentes:

-das residencias colexiais

-os servicios sociais

-os sanitarios e asistenciais, garderías, dispensarios, ambulatorios, clínicas e hospitais

-os docentes, en tódolos niveis

-todo tipo de instalacións deportivas

-os socioculturais

-bibliotecas, centros sociais e culturais, museos, auditorios, teatros, cinematógrafos, discotecas e salas de baile

-os relixiosos

-os público-administrativos

-os cemiterios, tanatorios ou crematorios

-os mercados de abastos.

Así mesmo, será de aplicación nos citados espazos de edificacións destinadas a:

- Hoteis e moteis a excepción dos que pola súa infraestrutura (tralo informe técnico municipal no que se determine a súa imposibilidade) non poidan cumprir esta ordenanza, sendo sempre obrigatorio para os que teñan 25 ou máis habitacións.

- Establecementos de pública concurrencia (salas de reunión), comerciais e bancarios, a excepción dos que pola súa infraestrutura (tralo informe técnico municipal no que se determine a súa imposibilidade) non poidan cumprir esta ordenanza, sendo sempre obrigatorio para os que teñan unha superficie superior ou igual a 200 m², salvo determinación expresa doutra lexislación de igual ou superior rango.

- Campamentos de turismo e balnearios.

- Aparcadoiros públicos.

Calquera outro que cumpra estes fins e non estean relacionados anteriormente.

SECCIÓN TERCEIRA. - Criterios constructivos e requisitos dimensionais

Artigo 23.- Áreas de estacionamento

1.- Os edificios de uso público que contén con estacionamentos de vehículos, reservarán prazas para minusválidos e sempre debidamente sinalizadas.

2.- Na construción de vivendas, estas reservas situaranse próximas ós núcleos de comunicación.

3.- En calquera caso, os percorridos entre as prazas reservadas e os accesos ós edificios estarán expeditos.

4.- Os elementos de control e seguridade como peches, iluminación de sinalización, botóns de iluminación en xeral, regulación de tempo de acendido e sistemas de alarma e extinción contrastarán a súa idoneidade para persoas con mobilidade reducida, en cuanto ó alcance, tempo e forza física.

Características dimensionais destas prazas:

As dimensións das prazas reservadas serán como mínimo dunha anchura de 3,50 metros e 5 metros de longo, se estas están en batería, en caso de estacionamento en liña, disporán dunha lonxitude de 6,50 metros.

Artigo 24.- Accesos

1.- A execución das obras comprendidas na relación do artigo 2.2. asegura que as persoas con mobilidade reducida disporán do mesmo grao de accesibilidade que o resto dos cidadáns ós espazos interiores das edificacións que alberguen algún dos usos ou actividades relacionadas no artigo 2.1. Procurarase que o acceso sexa común para todos, evitando os específicos de complexa localización.

2.- Cando o proxecto se refira a un conxunto de edificios e instalacións formando un conxunto arquitectónico, este proxectarase de forma que permita o acceso a persoas con mobilidade reducida ós diferentes inmobles e instalacións complementarias, incluíndo ramplas antiesvaradías se aqueles estivesen a distancia curta.

Artigo 25.- Accesos á edificación

1.- O acceso peonil realizarase de forma que permita a entrada ó seu interior, de maneira cómoda e segura ós posibles usuarios. A tal fin, o acceso peonil realizarase:

a).- A nivel entre o interior e o exterior, admitíndose pequenos desniveis no encontro do pavimento de portal coa beirarrúa (recoméndase un máximo de 2 cm) e no posible resolvelo en rampla.

b).- Ou ben a través de escaleiras e rampla anexa, coas características para ambas reflectidas no artigo 7 aclaración 2.

2.- Portais.

Deberán permiti-lo acceso ó interior do vestíbulo con comodidade, para tal efecto:

a).- O porteiro automático, se existise, colocarse de forma que o botón máis alto se encontre a 1,50 metros do solo.

b).- O ancho libre de paso das portas será de, polo menos, 0,80 metros e 2,10 metros de altura, dispoñendo por ambas caras de anchura auxiliar e polo seu lado de peche para manobras de 0,45 metros.

c).- Dada a inviabilidade de uso de portas xiratorias para algunhas das persoas con mobilidade reducida, e en caso de instalarse deberán dispoñer tamén dun segundo paso alternativo.

d).- O esforzo aplicable para a apertura de portas non excederá de 5 kg.

e).- O deseño dos tiradores ou ferraxes que se empregarán permitirá a súa utilización por persoas con dificultade de manexo nas mans, evitando as de forma esférica, que esixen xiro e habilidade de aprehensión.

f).- Se as follas das portas fosen de vidro, este será antirrotura e disporá de sinalización contrastada e protección inferior contra os golpes.

Artigo 26. Vestíbulos e elementos de comunicación horizontal

1.- Os corredores comúns e os espacios de comunicación horizontal deberán ter un ancho mínimo de 1,20 metros e cando se produzan estreitamentos puntuais deixarán un paso libre mínimo de 0,90 metros.

2.- O nivel de iluminación atenuará os efectos de cegueira producido polo tránsito exterior diúrno á penumbra interior.

3.- Os puntos de iluminación deberán situarse en lugares que permitan a súa fácil localización.

4.- A disposición e deseño dos elementos de control (botóns, caixas de correos, simboloxía, etc.), dispoñeranse nesta área, pensando nas condicións antropométricas dos seus usuarios.

5.- Os obxectos de adorno ou outros obstáculos non deberán encontrarse no percorrido e serán facilmente percibidos mediante o reforzo da súa iluminación. O temporizador de iluminación acompañarase ós tempos de uso das persoas con mobilidade reducida.

6.- Os felpudos e alfombras, buscando o mínimo grosor, fixaranse ó chan e no posible encaixaranse.

7.- Os pavimentos de uso público serán antiesvaradíos, sen resaltes excesivos que puidesen ocasionar caídas e contrastarán claramente pola súa color e/ou textura coas paredes.

Artigo 27. Elementos de comunicación vertical

1.- Os edificios de uso público e as vivendas colectivas, que segundo as especificacións da Normativa de habitabilidade (Decreto 311/1992) se lles esixa a instalación de ascensor, deberán ter prevista a comunicación vertical para persoas con mobilidade reducida, mediante ramplas, ascensores ou plataformas salva escaleiras.

2.- Escaleiras

a).- Cada tramo de escaleira, sen descanso, poderá salvar un desnivel máximo de 2,50 metros de altura.

b).- Procurarase non invadi-la circulación transversal cos arranques de escaleiras e cos finais de zanca.

c).- Recoméndase evitar pasos illados para salvar desniveis nos percorridos, dado que ó non ser patente o seu diferente nivel, pode ser causa de tropezóns ou caídas. Estes casos resolveranse mediante ramplas.

d).- Establecerase continuidade entre mesa e tabica co obxecto de evitar tropezos no ascenso.

Dimensións:

-A anchura libre mínima será de 1,00 metros aumentando a 1,20 metros en edificios de uso público.

-As escaleiras deberán ter unhas dimensións confortables de mesa e tabicas ($2T+1M=62-64$ cm), con mesas de dimensión mínima de 25 centímetros e cunhas tabicas non superarán os 18 centímetros.

Acabados:

- Pavimentos antiesvaradíos en seco e mollado.

- Contraste entre a mesa e a tabica.

- Dotarase de dobre pasamáns a ambos lados, a unha altura de 90 e 95 centímetros, que permitan continuidade no esvaramento da man por eles, separándoos do paramento vertical, polo menos, 4 centímetros, prolongándose 45 centímetros horizontalmente nos arranques e finais de escaleira, non sendo necesarios os relanzos intermedios

-A iluminación mínima será de 175 "lux" e a unha distancia do solo de 1,20 metros evitando cegueira.

3.- Ramplas.

- As ramplas, como elementos de comunicación vertical na edificación, permiten salvar desniveis bruscos ou pendentes superiores ás do propio itinerario, axustándose ós criterios que a continuación se especifican:

- As ramplas que teñan unha proxección horizontal superior a 3 metros terán unha pendente máxima do 8%, admitíndose para os desenvolvementos inferiores ou iguais a 3 metros de lonxitude

en planta unha pendente non superior ó 10%. Os desenvolvementos de máis de 10 metros de lonxitude en planta terán unha pendente máxima do 6%.

- Cando as condicións físicas do local no que se sitúa a rampla non permitan utiliza-las pendentes anteriormente establecidas, permitiranse cunha memoria xustificativa aumentar nun 2%, as pendentes que en cada caso sexan esixibles.

- A pendente transversal máxima dunha rampla será do 2%.

Dimensións:

- A anchura mínima da rampla establecerase en 1,20 m.

- A lonxitude máxima dun tramo de rampla será de 25 m. Cando esta lonxitude non sexa suficiente para salvar un desnivel, deseñaranse diversos tramos con descansos intermedios.

- Os descansos terán un ancho mínimo igual ó da rampla e unha lonxitude mínima de 1,20 m e rodapé de, polo menos, 10 cm nos lados libres da rampla. Cando exista un xiro de 90°, o descanso permitirá inscribir un círculo de diámetro mínimo de 1,20 m.

- Ó inicio e ó final da rampla dispoñeráse dun espazo libre de obstáculos de 1,50 por 1,50 m.

Acabados:

- Dotaranse de dobre pasamáns a ambos lados con alturas de 70 e 95 cm.

- O pavimento será antiesvaradío, tanto en seco como en mollado.

- A iluminación mínima será de 175 “lux” e situada a 1,20 m do solo, evitando cegueira.

4.- Ascensores.

.-Nos edificios, nos que segundo as especificacións do Plan xeral de ordenación urbana, sexa obrigatoria a instalación de ascensores, estes cumprirán as seguintes condicións:

Dimensións e acabados:

.-Polo menos, nos edificios de uso privado, un ascensor dos instalados dará servizo a tódalas plantas e coas seguintes condicións:

A superficie mínima interior da cabina será de 1,20 m² (0,90 metros mínimo interior de anchura por 1,20 metros mínimo interior de profundidade).

Os embarcadores terán como mínimo 1,50 metros de ancho por 1,50 metros de fondo (recoméndase 1,80 x 1,80), e o seu pavimento será antiesvaradío, contrastado en escaleiras e ramplas. O ancho mínimo de paso de porta será de 0,80 metros.

.-As portas automáticas, en cabinas, terán dispositivo de retención de apertura e cerramento en portas.

.-A nivelación entre a cabina e o embarcadoro quedará a pano cunha tolerancia de 1 centímetro.

.-Os botóns estarán situados en posición horizontal, centrados nun dos laterais, e o botón máis elevado estará a unha altura de entre 0,90 e 1,40 metros.

.-A cabina disporá dun rodapé de protección de 30 centímetros.

.-Todo o pavimento da cabina será antiesvaradío.

.-A iluminación será de 200 “lux”. A unha altura do solo de 1,20 metros.

Artigo 28.- Aseos adaptados

Será preceptiva a situación de aseos adaptados naqueles locais ou edificios de uso público nos que obrigatoriamente se esixa a existencia de aseos de concorrencia pública.

Características:

-Deberá dispoñerse de, polo menos, unha unidade adaptada, composta como mínimo por un inodoro e un lavabo que poida ser accesible a calquera tipo de persoa, que poderá ser substituída pola adaptación, como mínimo, dun inodoro e un lavabo no interior dos aseos para cada sexo.

-O traxecto ata eles será accesible para as persoas con mobilidade reducida.

-Os ocios, espazos de tránsito e uso interiores terán as dimensións dunha circunferencia de 1,20 metros de diámetro para permiti-lo desprazamento, estancia, xiro ou uso dos aparatos das persoas en cadeiras de rodas.

-As portas disporán en ambas caras de tiradores, situados a unha altura comprendida entre 0,90 e 1,20 metros e deberán abrir cara a fóra ou cara a dentro sempre que non invadan o círculo inscribible de 1,20 metros

-O pavimento será antiesvaradío tanto en seco como en mollado.

-Nos aseos de uso público dispórase, como mínimo, dun espacío para inodoro para utilizar persoas de mobilidade reducida e cunhas dimensións mínimas que permitan a inscrición dentro deste dun círculo de 1,20 metros de diámetro libre do xiro de portas que se deberá situar nun lugar o máis próximo á entrada, de forma que non ofrezca dúbida cal é o dedicado a persoas con mobilidade reducida, procurando sempre que sexa posible aumentar esas dimensións, así como a colocación dun lavabo dentro do recinto. Instalarase un timbre de emerxencia con prolongación accesible a un máximo de 20 centímetros do chan.

-O inodoro para persoas de mobilidade reducida será de tipo suspendido e estará situado a un nivel entre 45 e 50 centímetros, disporá de barras metálicas horizontais de sección circular entre 3 e 4 centímetros de diámetro, separadas 5 centímetros da parede á que estarán solidamente suxeitas e a unha altura de 80 centímetros (+/-5), co fin de servir de apoio ó usuario de cadeira de rodas e serán abatibles sobre a parede, para acercar lateralmente a cadeira de rodas ó inodoro.

-Os lavabos serán sen pedestal ou encaixados e non terán pé co fin de que poidan ser utilizados desde a cadeira de rodas. O bordo superior non superará os 85 centímetros de altura e evitarase que as conduccións de auga quente se encontren ó descuberto, dotándoas de elementos protectores para o illamento térmico.

-Os espellos terán o bordo inferior a unha altura non superior ós 90 centímetros e colocaranse cun lixeiro despromo co fin de facilita-la visión de planos inferiores. As billas dos lavabos serán, preferiblemente, de tipo monomando e disporán de mesturadores termostato.

-As perchas, toalleiros, repisas ou outros aparatos que existan dentro do recinto estarán a unha altura comprendida entre 0,90 e 1,20 metros.

Artigo 29.- Disposicións en espacios interiores das vivendas

1.- Accesos

- A porta terá, polo menos, 0,80 metros de paso e 2,10 metros de altura.

- Os botóns de chamada colocaranse a 1,00 metros de altura máxima.

2.- Vestíbulos

Este espacío permitirá o paso horizontal dun prisma de 0,60 x 2,00 x 0,60.

En planta dispórase dunha superficie libre de obstáculos de 1,20 x 1,50 metros, descontándose a área do xiro de porta.

3.- Corredores

En interiores de vivenda fíxase unha anchura mínima de 0,90 metros para lonxitudes inferiores de corredor a 3,60 metros e na que non abra ningunha porta, aumentando esta a 1,20 en percorridos maiores.

Nos accesos fronte ás habitacións, terán un fondo mínimo de 1,20 metros.

4.- Baños

A instalación dos aparatos sanitarios será proxectada de forma que permita unha área libre de 1,20 x 0,80 metros, e non incluírán o xiro de porta, co obxecto de permiti-lo auxilio en caso de esvaecemento dalgún usuario.

A distancia mínima entre os sanitarios e as paredes será de 0,60 metros.

O pavimento dos baños ou aseos será antiesvaradío, tanto en seco como en mollado. O fondo da bañeira estará á mesma altura có pavimento do local.

As billas serán adaptadas para a súa utilización polas persoas con dificultade no uso das mans, e a regulación da auga quente será termostática, cun máximo de 38° C.

A altura dos mecanismos fíxase en 0,90 metros.

O nivel de iluminación será de 200 "lux" a 1,20 metros do solo, evitando cegamentos.

5.- Cociñas

Colocaranse os aparatos de tal maneira que os percorridos entre eles sexan o máis curtos posibles, tendo en conta o espacío anexo necesario para a utilización de cada un. A iluminación tratará de evitar sombras sobre o plano de traballo.

O pavimento será antiesvaradío en seco e en mollado.

Os mecanismos de toma de corrente para pequenos electrodomésticos situaranse a 10 cm do mesado de traballo e terán todos eles tomas de terra.

6.- Dormitorios

A disposición das camas e dos armarios nestes recintos permitirán unha área libre, nalgún dos seus lados, de 1,20 m de anchura.

Artigo 30.- Disposicións específicas para centros públicos e edificios de concorrencia pública

1.- Dependencias

As salas, despachos, etc., de interese xeral situados en centros públicos terán un acceso fácil para persoas con mobilidade reducida, e o seu interior permitirá a estancia e xiro de, polo menos, unha persoa en cadeira de rodas (diámetro = 1,50 metros).

2.- En aulas, cines, salas de exposicións, reunión, espectáculos, etc., dispoñeranse, debidamente sinalizados e cerca dos lugares de acceso, asentos ou prazas reservadas para persoas con minusvalía ou cadeira de rodas.

En salas de estudio, bibliotecas, comedores, etc., disporase unha zona con mobiliario adaptado para o seu uso por persoas con minusvalías ou cadeira de rodas.

3.- Instalacións de uso deportivo e análogas

As instalacións destinadas a uso deportivo ou similar contarán, polo menos, cun vestiario e unha ducha coas seguintes características:

- a) A súa capacidade permitirá a estancia, xiro e uso de armarios, perchas, asentos, etc., por persoas en cadeira de rodas.
- b) Na zona de ducha, a dimensión será tal que permita o seu uso para estas persoas. O prato de ducha quedará perfectamente a nivel co pavimento, asegurando o desaugadoiro.
- c) O desaugadoiro estará situado no centro e a súa reixa non terá ocos maiores dun centímetro cadrado.
- d) Dispoñerase de varandas horizontais de apoio.
- e) O pavimento será antiesvaradío en seco e en mollado.

4.- Teléfonos

Os edificios incluídos neste artigo, que dispoñan de teléfonos de uso público, contarán con algún utilizable por persoas con minusvalía e homologado para o efecto.

5.- Centros de saúde

No relativo a centros de saúde, hospitais e consultorios médicos e sen prexuízo da normativa propia establecida pola Administración competente, teranse en conta os seguintes parámetros:

- a) A anchura mínima de corredores será de 1,50 metros e nos espazos de xiro das camas de 2,20 metros.
- b) Os pavimentos serán de material antiesvaradío.
- c) As portas situadas en salas de consulta terán un ancho mínimo de 0,82 metros. as salas de usos múltiples e aseos habilitados para persoas con minusvalía terán un ancho mínimo de 0,90 metros.

SECCIÓN 4ª.- Criterios específicos para rehabilitación de edificios con protección e de edificios en xeral

Artigo 31.- Edificios de especial protección

1.- A esixencia do cumprimento do previsto nesta ordenanza virá marcada polo condicionamento da preservación do edificio e a súa tipoloxía estrutural ou espacial.

2.- En todo caso estarase ó disposto polo Plan especial de protección do recinto histórico.

Artigo 32.- Rehabilitación de edificios non protexidos

1.- A esixencia do cumprimento desta ordenanza virá determinada pola intensidade ou importancia da rehabilitación que se vai realizar.

2.- Se as obras de rehabilitación contemplan a reconstrución ou modificación substancial da estrutura portante do edificio e en consecuencia a da súa distribución interior, esixirase o cumprimento da sección 2ª na súa totalidade.

3.- Se as obras de rehabilitación non contemplan modificacións da estrutura portante do edificio,

pero si grandes modificacións na súa distribución interior, aplicarase a normativa desta ordenanza para o deseño interior das vivendas, sempre que non existan elementos que o impidan, muros de carga, instalacións xerais, etc.

4.- Se as obras de reforma se refiren unicamente á mellora de instalacións e decoración, non será de aplicación a normativa anteriormente indicada.

TÍTULO TERCEIRO: RESPONSABILIDADES, CONTROL E SEGUIMIENTO

SECCIÓN PRIMEIRA. - Responsabilidade das administracións

Artigo 33.- Obrigacións das administracións

1.- As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán polo cumprimento do disposto nesta ordenanza, adoptando para tales efectos as medidas necesarias

2.- A Administración coidará especialmente a conservación dos pavimentos viarios, asfaltados de calzadas, pasaxes, beirarrúas e mantemento do arboredo e do mobiliario urbano.

SECCIÓN SEGUNDA.- Control e seguimento

Artigo 34.- Gabinete de Accesibilidade Municipal

O Gabinete de Accesibilidade Municipal, que se nomeará por Decreto da Alcaldía, estará composto polos seguintes membros:

- Alcalde Presidente ou persoa en que delegue.
- Concelleiro dos Servicios Sociais Municipais.
- Un arquitecto municipal
- Un enxeñeiro municipal.
- Un representante das asociacións de diminuídos.
- Un representante da asociación de promotores de edificación.

O dito gabinete resolverá sobre as cuestións que lles encomenda esta ordenanza ou sobre criterios de interpretación del. Igualmente, manterá un control do seu desenvolvemento e cumprimento para elaborar as propostas que estime conveniente para melloralo.

TÍTULO CUARTO: INFRACCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO ÚNICO.- Infraccións e réxime sancionador

Artigo 34.- Faltas administrativas e sancións

Sempre que o réxime de faltas e sancións administrativas non estea previsto na lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma, aplicarase a lexislación do solo, particularmente o Regulamento de disciplina urbanística vixente no momento da infracción.

Disposición final primeira

Esta ordenanza entrará en vigor cando fose publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, na forma que dispón o artigo 70.2 da Lei de réxime local, despois de que fose aprobada polo Pleno da Corporación Municipal e transcorrese o prazo previsto no artigo 65 da citada lei.

Disposición final segunda

Para os proxectos de obras, en tramitación, con visado polo colexio oficial anterior á data da entrada en vigor desta ordenanza, non lles será de aplicación.